

Política da Calidade

A Política da calidade de Ambar ten como obxectivo ofrecer un servizo de calidade que facilite a inclusión e participación social das persoas con diversidade funcional. Conta co respaldo da coordinación e é coñecida e aplicada por todo o persoal que conforma os servizos de Atención Diúrna na execución das súas actividades.

Comprometémonos con:

Persoas usuarias- clientes

- Facilitar as persoas usuarias e ás familias, os recursos e apoio persoal necesario sempre respectando as propias iniciativas de cara á inclusión social
- Manter un equilibrio permanente i equitativo de cara ao incremento de persoas usuarias e a calidade no servizo
- Coñecer as necesidades e expectativas de familiares e persoas usuarias a través dunha comunicación personalizada.
- Establecer un sistema de comunicación coa persoa usuaria e familia baseado na confianza, veracidade e honestidade evitando falsas expectativas.
- Orientar verazmente ás persoas usuarias e familias para a satisfacción de necesidades e expectativas.
- Habilitar persoal, social e/ou profesionalmente ás persoas con diversidade funcional intelectual para facilitar a inclusión social e/ou laboral.
- Mellora continua nos procesos de servizo para desempeñalos con máis eficacia.

Persoal Contratado

- Promover un clima laboral aberto ao diálogo e á transparencia da información
- Traballar desde o cumprimento das normas legais establecidas para unha mellora na satisfacción da labor.
- Posibilitar a mellora profesional e a promoción interna a través de procesos de formación inicial e continua.
- Velar para que o comportamento dos traballadores no desenrolo das súas funcións sexa ético.

Financiadores e colaboradores

- Deseño de proxectos equilibrados en relación ós custos e desenrolados con transparencia.
- Ser flexibles de cara ás posibles modificacións dos proxectos de acordo coas expectativas dos financiadores, sempre que redunde na mellora dos noso servizo e nas persoas usuarias.
- Estar abertos a análise e avaliación requiridas.
- Establecer acordos de colaboración para mellorar a optimización dos recursos e prestar mellores servizos.

Coordinación

- Cumprir con todos os requisitos legais, regulamentarios, e calquera outro de aplicación ao Centro Ocupacional e de Día de atención a persoas con diversidade funcional intelectual.
- Integrar a prevención de riscos laborais no servizo ofrecido aos clientes, de modo que se garanta a seguridade e protección da saúde de todo o persoal.
- Formar e informar ao persoal, motivándoo e involucrándoo na innovación e na mellora continua.
- Dotar á entidade de recursos tecnolóxicos e humanos necesarios, asegurando unhas adecuadas condicións de traballo.
- Velar porque a política da calidade sexa coñecida e aplicada por todo o persoal que conforma a entidade e comprometéndose a facilitar os medios necesarios ao seu alcance para lograr o establecido asegurando a súa actualización, entendemento e difusión a tódolos niveis.